

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5399 *Real decreto 339/2014, do 9 de maio, polo que se establecen os requisitos para a comercialización e posta en servizo das bicicletas e outros ciclos e das súas partes e pezas, e polo que se modifica o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.*

O Real decreto 2406/1985, do 20 de novembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas das bicicletas e as súas partes e pezas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía, establece as especificacións técnicas das bicicletas e as súas partes e pezas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía (actualmente Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo).

No momento actual existe circulando polo territorio nacional unha gama de bicicletas e outros ciclos que non están recollidos no real decreto anteriormente mencionado.

Por outro lado, o 15 de xaneiro de 2002 publicouse no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas» a Directiva 2001/95/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de decembro de 2001, relativa á seguridade xeral dos produtos, trasposta ao ordenamento xurídico interno mediante o Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos. Este real decreto establece no seu artigo 1 a necesidade de garantir que os produtos que se poñan no mercado sexan seguros, entendendo como tales aqueles produtos que, en condicións de utilización normais ou razoablemente previsibles, non presenten ningún risco, ou unicamente riscos mínimos compatibles co uso do produto e considerados admisibles dentro do respecto dun nivel elevado de protección da saúde e da seguridade das persoas. Neste mesmo contexto, publicouse a Decisión da Comisión 2011/786/UE, do 29 de novembro de 2011, sobre os requisitos de seguridade que deben cumprir as normas europeas aplicables ás bicicletas, ás bicicletas para nenos e ás portaequipaxes para bicicletas, de conformidade coa Directiva 2001/95/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

Máis especificamente, viñéronse desenvolvendo normas europeas que establecen requisitos de seguridade e métodos de ensaio aplicables ás bicicletas de paseo, de carreira e de montaña, así como aos seus accesorios e portaequipaxes. Estas normas foron publicadas no «Diario Oficial de la Unión Europea» (DOUE) como normas harmonizadas que dan presunción de conformidade aos produtos recollidos nelas, en aplicación da Directiva 2001/95/CE, e adoptadas como normas españolas (UNE) mediante a Resolución do Instituto Nacional de Consumo do 8 de marzo de 2007, pola que se amplía o anexo da Resolución do 21 de xuño de 2004, pola que se acorda a publicación das referencias das normas UNE EN harmonizadas, en aplicación do Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos.

Así mesmo, desenvolveuse unha norma europea que establece requisitos de seguridade e métodos de ensaio aplicables ás bicicletas para nenos, adoptada mediante Resolución da Dirección Xeral de Industria do 2 de setembro de 2008, pola que se publica a relación de normas UNE aprobadas por AENOR durante o mes de xullo de 2008, e unha norma europea relativa a ciclos con asistencia eléctrica adoptada mediante Resolución da Dirección Xeral de Industria do 11 de decembro de 2009, pola que se publica a relación de normas UNE aprobadas por AENOR durante o mes de novembro de 2009.

Débase ter así mesmo en conta que o Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos, é de aplicación supletoria ao disposto neste real decreto, en virtude do establecido no artigo 1.4 daquela norma, que establece a súa aplicación supletoria nos casos en que unha normativa específica para un produto regule

a seguridade dese produto e só para aqueles riscos, categorías de riscos ou aspectos non regulados pola dita normativa.

É necesario, por tanto, proceder á derogación do Real decreto 2406/1985, do 20 de novembro, e á súa substitución por unha nova norma que substitúa e que incorpore todos os cambios legislativos a que se fixo referencia producidos desde a data de entrada en vigor daquela norma. Ese é o obxecto esencial do presente real decreto.

Por outra parte, e dado que os ciclos son produtos destinados a circular polas vías públicas, deben cumprir os requisitos que sobre dispositivos de sinalización óptica e acústica se recollen no Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.

Considérase, ademais, que debe procederse a unha redución das cargas administrativas que leva consigo a homologación destes vehículos, requirida segundo o artigo 22.3 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, e atender, deste xeito, as demandas dos sectores implicados. Neste ámbito da simplificación das cargas administrativas elimínase o control previo por parte da Administración e serán os fabricantes os responsables dos produtos que poñen no mercado, sen prexuízo do control que realicen as administracións públicas competentes no control e vixilancia, a posteriori, do mercado.

En consecuencia, este real decreto establece os requisitos que deberán cumprir os ciclos e as súas partes e pezas para a súa comercialización e posta en servizo, delimita os vehículos que se inclúen nesta categoría e regula o réxime de responsabilidade dos seus fabricantes en canto ao cumprimento de tales requisitos.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información de normas regulamentarias técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas aos servizos da sociedade da información, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

De acordo co previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto foi obxecto do preceptivo trámite de audiencia ás comunidades autónomas, órganos administrativos, organismos, asociacións e sectores industriais interesados. Así mesmo, este real decreto foi obxecto de informe polo Consello de Coordinación da Seguridade Industrial, de acordo co previsto no artigo 18.4.c) da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e no artigo 2.d) do Regulamento do Consello de Coordinación da Seguridade Industrial, aprobado polo Real decreto 251/1997, do 21 de febreiro.

O título competencial para a aprobación desta norma fundaméntase no artigo 149.1.21.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das competencias que, se é o caso, teñan as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e do ministro de Interior, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de maio de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación dos requisitos aplicables para a comercialización e posta en servizo das bicicletas e outros ciclos, así como das súas partes e pezas, co fin de garantir a súa seguridade e a súa libre circulación.

Quedan excluídos deste real decreto os vehículos incluídos no ámbito de aplicación da normativa harmonizada da Unión Europea relativa á homologación de vehículos.

Así mesmo, quedan excluídos deste real decreto os ciclos incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 1205/2011, do 26 de agosto, sobre a seguridade dos xoguetes.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, consideraranse as seguintes definicións:

a) Ciclo: todo vehículo provisto de, polo menos, dúas rodas e propulsado exclusiva ou principalmente pola enerxía muscular da persoa ou persoas que están sobre o vehículo, en particular por medio de pedais.

b) Bicicleta: ciclo de dúas rodas.

c) Ciclo de pedaleo asistido: ciclo, equipado con pedais e cun motor eléctrico auxiliar, que non pode ser propulsado exclusivamente por medio dese motor auxiliar.

d) Comercialización: primeira posta á disposición na Unión Europea dun ciclo, mediante pagamento ou de xeito gratuíto, con vistas á súa distribución ou utilización.

e) Introducción no mercado: primeira comercialización dun produto no mercado español.

f) Fabricante: persoa física ou xurídica que deseñe e/ou fabrique un ciclo cuberto por este real decreto e que sexa responsable da conformidade do dito ciclo con este real decreto, con vistas á súa comercialización, baixo o seu propio nome ou a súa propia marca, ou para o seu propio uso. En ausencia dun fabricante no sentido indicado, consideraranse fabricante calquera persoa física ou xurídica que comercialice ou poña en servizo un ciclo cuberto por este real decreto.

g) Representante autorizado: persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que recibise un mandato por escrito do fabricante para cumprir no seu nome a totalidade ou parte das obrigas e formalidades relacionadas con este real decreto.

h) Importador: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que introduce un produto dun terceiro país no mercado da Unión Europea.

i) Distribuidor: toda persoa física ou xurídica da cadea de subministración distinta do fabricante ou do importador que comercializa un produto.

j) Axentes económicos: o fabricante, o representante autorizado, o importador e o distribuidor.

k) Posta en servizo: primeira utilización na Unión Europea, de acordo co seu uso previsto, dun ciclo cuberto por este real decreto.

l) Norma harmonizada: especificación técnica, de carácter non obrigatorio, adoptada por un organismo de normalización, isto é, o Comité Europeo de Normalización (CEN), o Comité Europeo de Normalización Electrotécnica (Cenelec) ou o Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación (ETSI), no marco dun mandato da Comisión outorgado conforme os procedementos establecidos na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas aos servizos da sociedade da información, incorporada ao ordenamento español polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Artigo 3. *Requisitos aplicables.*

1. Os ciclos, e as súas partes e pezas, que vaian ser comercializados ou utilizados no territorio nacional deberán cumprir os requisitos establecidos neste real decreto.

2. Cada unidade de produto comercializado irá acompañada da documentación que acredite o cumprimento polo dito produto das especificacións deste real decreto. Esa documentación incluírá os datos especificados no anexo I.

3. Así mesmo, cada unidade disporá dun manual de instrucións de acordo co anexo II.

4. Cada ciclo levará fixada de forma visible unha placa de características, lexible e indeleble, coas indicacións seguintes:

- a) A razón social e o enderezo completo do fabricante e, de ser o caso, do seu representante autorizado, e
- b) O número de serie.

5. Así mesmo, o modelo de cada ciclo estará identificado de forma lexible e permanente.

En función do tipo de ciclo, este deberá levar tamén todas as indicacións de información e advertencia que sexan indispensables para un uso seguro. Esas indicacións expresaranse, polo menos, en castelán.

6. As normas harmonizadas a que se fai referencia nos anexos I e III serán as descritas no anexo IV e estarán referidas á súa última versión.

7. No relativo aos dispositivos de iluminación e de sinalización e aos avisadores acústicos, aplicaranse as disposicións do artigo 22 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. Ademais, os catadióptricos e os faros, se van montados, deberán cumprir as especificacións do anexo V deste real decreto.

8. Os fabricantes, os seus representantes legais e os axentes económicos establecidos na Unión Europea e en Turquía, ou nun Estado integrante da Asociación Europea de Libre Comercio que sexa parte contratante do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, deberán cumprir o establecido neste real decreto ou nas normas nacionais dos países membros que garantan un nivel de seguridade equivalente.

Artigo 4. *Responsabilidades dos axentes económicos*

1. Os fabricantes dos ciclos serán os responsables do cumprimento por eses produtos dos requisitos establecidos neste real decreto e da súa conformidade coa normativa que lles sexa aplicable, sen control previo por parte das administracións públicas. De tal xeito que, cando se introduzan ciclos no mercado, os axentes económicos serán responsables da conformidade dos seus produtos con toda a lexislación aplicable, conforme as súas funcións respectivas na cadea de subministración. Para tal efecto, deberán subscribir a declaración de conformidade cuxo contido se detalla no anexo I, que deberá estar á disposición das autoridades competentes que a soliciten.

2. O fabricante, antes de comercializar o ciclo, deberá elaborar un expediente técnico que conterá a documentación indicada no anexo III. O expediente técnico indicado deberá estar á disposición das autoridades competentes, se estas o solicitan, polo menos durante dez anos desde a data de fabricación do ciclo ou, en caso de fabricación en serie, da última unidade producida.

O feito de non presentar o expediente técnico de fabricación en resposta a un requirimento debidamente motivado das autoridades competentes dará lugar á presunción, salvo proba en contrario, da falta de conformidade do ciclo cos requisitos esenciais de seguridade e saúde.

Os axentes económicos deberán estar en condicións de lles facilitar ás autoridades a documentación solicitada nun prazo de tempo razoable.

Artigo 5. *Vixilancia do mercado.*

1. As autoridades de vixilancia de mercado velarán para que todos os ciclos comercializados en territorio español cumpran os requisitos deste real decreto.

2. Son autoridades de vixilancia do mercado aqueles órganos administrativos responsables de levar a cabo actividades e adoptar medidas, incluídas as de coordinación, co obxectivo de velar por que os produtos cumpran as disposicións que lles sexan

aplicables e, en calquera caso, non entrañen un risco para os intereses públicos protexidos por tales disposicións.

No marco da vixilancia do mercado, e de acordo co establecido no artigo 10.3 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, as administracións públicas competentes poderán acordar, logo de audiencia aos interesados, a retirada do mercado e a prohibición de comercialización dos ciclos que non cumpran o establecido neste real decreto, e disporán que se corrixan os seus defectos nun prazo determinado. Se iso non for posible, e en función da gravidade dos riscos, poderase determinar a súa destrución, sen dereito a indemnización, sen prexuízo das sancións que se é o caso sexan procedentes.

Artigo 6. Réxime sancionador.

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro; na Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de maio, en materia sancionadora, así como na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Disposición transitoria primeira. Validez das homologacións en vigor.

As homologacións concedidas conforme o Real decreto 2406/1985, do 20 de novembro, polo que se declaran de cumprimento obrigado as especificacións técnicas das bicicletas e as súas partes e pezas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía, seguirán sendo válidas a partir da entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición transitoria segunda. Requisitos técnicos aplicables aos ciclos de máis de dúas rodas.

Sen prexuízo do establecido no artigo 3, mentres non se publiquen normas harmonizadas para o conxunto da Unión Europea aplicables aos ciclos de máis de dúas rodas e en ausencia de normas nacionais relativas aos ditos vehículos, estes deberán cumprir as especificacións do anexo VI e dispor da documentación descrita nos anexos I, II e III, a cal deberá estar dispoñible cando a soliciten as autoridades competentes.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 2406/1985, do 20 de novembro, polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas das bicicletas e as súas partes e pezas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Un. O número 3 do artigo 22 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, queda redactado do seguinte modo:

«3. Os ciclos e ciclos de pedaleo asistido quedan exceptuados de obter a autorización administrativa a que se fai referencia no número 1 do artigo 1».

Dous. Suprímense os números 5 e 6 do artigo 22 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, sen prexuízo das competencias que, se é o caso, teñan as comunidades autónomas.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para a modificación dos anexos deste real decreto.*

Autorízase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para modificar, mediante orde, os anexos deste real decreto, por necesidades de evolución da técnica e para a súa adaptación á normativa da Unión Europea e internacional.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

Declaración de conformidade

Na declaración de conformidade do fabricante serán imprescindibles os seguintes datos:

- 1) Razón social e enderezo completo do fabricante e, de ser o caso, do seu representante autorizado establecido na Unión Europea.
- 2) Descrición e identificación do ciclo, incluíndo marca e modelo.
- 3) Indicación de que o ciclo cumpre todas as disposicións aplicables deste real decreto e unha declaración de que o ciclo é conforme con outras normas da Unión Europea e/ou disposicións pertinentes.
- 4) Referencia ás normas harmonizadas que se utilizasen.
- 5) De ser o caso, a referencia a outras normas e especificacións técnicas que se utilizasen.
- 6) Sistema de control da produción.
- 7) Lugar e data da declaración de conformidade.
- 8) Identificación, cargo e sinatura da persoa apoderada para redactar esta declaración en nome do fabricante ou do seu representante autorizado.

ANEXO II

Manual de instrucións

- 1) Principios xerais.
 - a) O manual de instrucións estará redactado nunha ou varias das linguas oficiais da Unión Europea. A mención «Manual orixinal» deberá figurar na versión ou versións lingüísticas comprobadas polo fabricante ou polo seu representante autorizado.
 - b) Cando non exista un «Manual orixinal» en castelán, o fabricante, o seu representante autorizado, ou o responsable da comercialización do ciclo na zona lingüística de que se trate, deberá proporcionar unha tradución polo menos en castelán. Estas traducións incluírán a mención «Tradución do manual orixinal».
 - c) O contido do manual de instrucións non só deberá ter en conta o uso previsto do ciclo, senón tamén o seu mal uso razoablemente previsible.
- 2) Contido.–Cada manual de instrucións conterá, como mínimo, a información seguinte:
 - a) A razón social e o enderezo completo do fabricante e do seu representante autorizado,
 - b) A designación do ciclo.
 - c) A declaración de conformidade do fabricante.
 - d) Unha descrición xeral do ciclo.
 - e) Os planos, diagramas, descricións e explicacións necesarias para o uso, o mantemento e a reparación do ciclo, así como para comprobar o seu correcto funcionamento.
 - f) Unha descrición do uso previsto, incluíndo a carga máxima admisible e o número de prazos.
 - g) Cando proceda, as instrucións de montaxe, incluídos os planos, diagramas e medios de fixación.
 - h) Información sobre os riscos residuais que existan a pesar das medidas de deseño inherentemente seguro, dos protectores e outras medidas de protección complementarias adoptados.
 - i) Instrucións sobre as medidas preventivas que debe adoptar o usuario, incluíndo, cando proceda, os equipamentos de protección individual que cumpra prever.
 - j) As características básicas dos accesorios que se poidan adaptar ao ciclo.

k) A descrición das operacións de axuste e de mantemento que deban ser realizadas polo usuario, así como as medidas de mantemento preventivo que se deben cumprir.

l) Instrucións deseñadas para permitir que o axuste e o mantemento se realicen con total seguridade, incluídas as medidas preventivas que se deben adoptar durante este tipo de operacións.

m) As características das pezas de recambio que se deben utilizar, cando estas afecten a saúde e seguridade dos usuarios.

3. Información publicitaria.–A información publicitaria que describa o ciclo e as súas características de funcionamento non deberá contradicir o manual de instrucións.

ANEXO III

Expediente técnico

O expediente técnico constará dos seguintes elementos:

a) Unha descrición xeral do ciclo, que inclúa:

1. O plano de conxunto do ciclo, así como as descricións e explicacións pertinentes, necesarias para comprender o seu funcionamento, os planos detallados e completos, acompañados das eventuais notas de cálculo, resultados de ensaios, certificados, etc., que permitan verificar a conformidade do produto cos requisitos esenciais de seguridade.

2. A documentación relativa á avaliación de riscos, que amose o procedemento seguido, incluíndo:

- i. Unha lista dos requisitos esenciais de saúde e seguridade que se apliquen ao ciclo;
- ii. Unha descrición das medidas preventivas aplicadas para eliminar os perigos identificados ou reducir os riscos e, se é o caso, a indicación dos riscos residuais asociados ao ciclo.

3. As normas harmonizadas e demais especificacións técnicas utilizadas, con indicación dos requisitos esenciais de seguridade e saúde cubertos polas ditas normas.

4. Calquera informe técnico que reflecta os resultados dos ensaios realizados polo fabricante, polo seu representante autorizado ou por un organismo elixido por calquera deles.

5. Un exemplar do manual de instrucións.

6. De ser o caso, copias das declaracións de conformidade CE ou outras de produtos ou compoñentes incorporados ao ciclo.

7. Unha copia da declaración de conformidade do fabricante do ciclo.

b) No caso de fabricación en serie, as disposicións internas que se vaian aplicar para manter a conformidade dos produtos cos requisitos de seguridade establecidos. O fabricante deberá someter os compoñentes ou accesorios, e o ciclo na súa totalidade, aos estudos e ensaios necesarios para determinar se, polo seu deseño ou fabricación, o ciclo se pode montar e pór en servizo en condicións de seguridade. No expediente técnico inclúranse os informes e resultados correspondentes.

ANEXO IV

Relación de normas harmonizadas de referencia

Para os efectos deste real decreto, considéranse normas harmonizadas que dan presunción de conformidade, e que serán aplicables na súa última versión, as seguintes:

– EN 14764:2005. Bicicletas de paseo. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio.

- EN 14781:2005. Bicicletas de carreira. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio.
- EN 14766:2005. Bicicletas de montaña. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio.
- EN 14872:2006. Bicicletas. Accesorios para bicicletas. Portaequipaxes.
- UNE-EN 14765:2006+A1:2008. Bicicletas para nenos. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio,
- UNE-EN 15194:2009. Ciclos. Ciclos con asistencia eléctrica. Bicicletas EPAC.

ANEXO V

Requisitos técnicos aplicables aos catadióptricos e faros

1. Os catadióptricos deberán estar homologados de acordo co Regulamento n.º 3 da Comisión Económica para Europa da Organización das Nacións Unidas (CEPE/ONU)- Disposicións uniformes para a homologación de dispositivos catadióptricos para vehículos de motor e os seus remolques.
2. Os faros deberán ter unha intensidade luminosa comprendida entre os límites especificados na seguinte táboa:

Intensidade luminosa (candelas)	Dianteiros ⁽¹⁾	4-60
	Traseiros ⁽¹⁾	4-12

⁽¹⁾ Na dirección do eixe.

ANEXO VI

Especificacións xerais aplicables aos ciclos de máis de dúas rodas

1. Aspectos xerais.–Declararanse os seguintes parámetros:
 - a) Número de ocupantes previsto.
 - b) Masa do ciclo en baleiro.
 - c) Carga máxima admisible.
 - d) Velocidade máxima recomendada.
- 1.1 Esquinas cortantes.–Todas aquelas esquinas que poidan entrar en contacto co corpo, mans e pés do ciclista durante o pedaleo, a preparación ou a manipulación do ciclo non serán cortantes.
- 1.2 Protección do sistema de transmisión.–Os ciclos estarán equipados con sistemas de protección que eliminan o risco de atrapamento das roupas ou de partes do corpo cos elementos de transmisión, independentemente do sistema de transmisión empregado.
2. Freos.
 - 2.1 Sistema de freada.–Todo ciclo estará equipado cun sistema de freada que actuará independentemente nas rodas dianteiras e nas traseiras.
 - 2.2 Colocación dos freos.–En todo ciclo provisto de guiador e de freos manuais, a panca para o freo dianteiro estará situada ao lado esquerdo do guiador e a do freo traseiro ao lado dereito.
 - 2.3 Tensores do freo.–Os freos poderán ser axustados a medida que as zapatas se vaian desgastando, ata o momento en que deban ser substituídos, segundo as recomendacións do fabricante.

2.4 As prestacións de freada en terreo seco e en condicións atmosféricas consideradas como normais serán as especificadas polo fabricante para garantir unha detención segura e suave, entendendo como tal aquela que non produce os acontecementos seguintes:

- a) Trepidación excesiva.
- b) Bloqueo das rodas dianteiras.
- c) Oscilación do ciclo (levantamento incontrolable das rodas traseiras).
- d) Perda de control polo condutor.
- e) Derrapaxe lateral excesiva.

3. Dirección.

3.1 Guiador.—Os extremos do guiador estarán equipados con puños ou proteccións.

3.2 Potencia do guiador.—Enténdese por potencia do guiador o soporte inserido no tubo pivote da forquita, en cuxa cabeza se fixa o guiador do ciclo.

A potencia do guiador irá provista dunha marca permanente que indicará claramente a mínima inserción do seu tubo dentro da forquita. A marca de inserción estará gravada a unha distancia do extremo inferior da potencia equivalente a dúas veces e media a medida do seu diámetro.

3.3 Raio de xiro.—Indicarase o raio de xiro á velocidade máxima recomendada.

3.4 Forquita dianteira.—A colocación da roda na forquita será tal que, cando o eixe se apoie firmemente no final das rañuras, a roda quedará centrada na forquita.

4. Cámaras e cubertas.

4.1 Presión de inflado.—A presión de inflado recomendada polo fabricante para as cargas declaradas estará moldeada no lateral da cuberta de modo que sexa visible cando a roda estea montada.

5. Sela.

5.1 Tubo de sela.—O tubo da sela irá provisto dunha marca permanente que indique claramente a súa mínima inserción no cadro. A marca de inserción estará gravada a unha distancia mínima do seu extremo inferior, equivalente a dúas veces a medida do seu diámetro.

6. Catadióptricos e luces.

6.1 Catadióptrico traseiro.—Todo ciclo deberá dispoñer dun, como mínimo, categoría IA segundo o R3 CEPE/ONU, cor vermella, non triangular.

6.2 Catadióptricos laterais: catro. Dous nas rodas dianteiras, un por cada lado, e dous nas rodas traseiras, un por cada lado. Categoría IVA segundo o R3 CEPE/ONU. Cor amarela auto. Non triangulares.

6.3 Luz de posición dianteira e traseira: unha luz branca dianteira e unha luz vermella traseira, como mínimo. A intensidade luminosa será a especificada no anexo V deste real decreto.

7. Marcación e identificación.—Aplicarase o indicado no artigo 3, número 4, deste real decreto.

8. Asistencia eléctrica.—Aplicaranse os requisitos específicos do número 4.2 da norma UNE-EN 15194.

9. Sistemas de retención de pasaxeiros.—Deberán montarse en vehículos destinados ao transporte de pasaxeiros e garantir a seguridade dos ocupantes do ciclo.

10. Requisitos de seguridade funcional.—A distribución de masas do ciclo será tal que evite o xiro lonxitudinal e lateral en calquera das condicións de uso previsto.

11. Avisador acústico.—Cumprirá o disposto no artigo 22 do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

12. Mantemento.

12.1 Instrucións e mantemento.–Aplicarase o indicado no anexo II deste real decreto e especificarase, en particular:

- a) A posta a punto: como medir e axustar as alturas da sela e do guiador, explicando as marcas de atención existentes en ambos os dous.
- b) O correcto axuste da tensión da cadea.
- c) As recomendacións de axuste dos freos e de cambio de zapatas.
- d) O axuste dos cambios de velocidade.
- e) As revisións regulares de freos, pneumáticos, dirección e outros elementos relacionados coa seguridade.
- f) A presión de inflado dos pneumáticos.